

Tensión perigo / pracer

POESÍA Esta *Ode* deixa claras as feblezas dunha sexualidade limitada, que deriva de levarmos as relacións de poder ao cuarto.


Rosa Enríquez **Texto**

Ao respecto da *Ode a Madison Ivy e outras cousas de meter* fanse interesantes aquelas preguntas que formulou E. Said en “*Adversarios, públicos, partidarios e comunidade*”. As devanditas preguntas son estas: Quen escribe?; Para quen escribe?; Baixo que circunstancias?. Intentarei responder aquí a estas cuestións para entrar en materia.

Escrebe unha muller. Faino para todas as persoas interesadas no carácter político do erotismo, en circunstancias evidentes, isto é, dende a consciencia de que vivimos nun sistema patriarcal, coa consecuente visión androcéntrica e reduccionista do desexo. Así é que o punto de partida é cuestionar a construción do mesmo, tendo claro que, previo ao contrato social, houbo -aínda o hai- un contrato sexual tácito para perpetuar o poder masculino ao separar a esfera pública -racional, masculina e universal- da privada -natural, feminina e parcial-, de xeito que entrar na sexualidade non formou parte, durante anos, da análise política. E aí está a pornografía, fonte de debate feminista que, dende os anos setenta, parece non ter fin.

A visión de Verónica nesta *Ode* deixa claras as feblezas dunha sexualidade limitada, que deriva de levarmos as relacións de poder ao cuarto. Dá pois conta da violencia simbólica oculta neses filmes onde a muller aparece degradada, subordinada aos impulsos do home: *Com os lábios/ bem abertos/ incompreendida/ entre un só dedo,/ varias linguas,/ múltiples pénis/ e nem um só orgasmo.*

No entanto, Martínez Delgado non se limita á visión crítica das prácticas



Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter

Verónica Martínez Delgado

A.C. Caldeirón 2014

**Escrebe unha muller.
Faino para as persoas
interesadas no carácter
político do erotismo
dende a consciencia de
que vivimos nun
sistema patriarcal, coa
consecuente visión
androcéntrica e
reduccionista do
desexo.**

sexuais concretas asociadas á violencia. Tamén cuestiona o gusto da sexualidade heteronormativa sobre o aspecto da muller, que semella carecer de “defectos” físicos -celulite, graxa, ou, todo o contrario, peitos mínimos e delgadez-, para compracer ao home: *Não dessejava/ profanarte,/ objetificar-te/mais do que tu/já fizeste/contigo pró-*

pria/barbie recauchutada. Interesante proposta a de revisar o noso consumo de pornografía e ver até que punto esta posúe un carácter lúdico inocente ou, polo contra, require dunha análise fonda, sen moralismos. A pretensión non é pór límites, mais ampliar o pracer das mulleres.

Ao cuestionar a pornografía convencional, a poeta fai visíbel o fantástico deses filmes de *pénis/ desmedidos/ a mexer en ti/ qual martelo hidráulico* e peitos increíbles de mulleres irreais deshumanizadas que se materializan na pantalla en “*enfermeira*”, “*menina de escola*”, “*professora*” ou “*secretária de escritório*”. Aмосa entón o lamentable destas escenas non concibidas para excitar ás mulleres, mais aos homes cuxo desexo vai asociado á dominación.

A *Ode* de Delgado dá conta tamén dunha muller que se estimula con outra, unha Madison Ivy que, pasados os corenta, se cadra antes, desaparecerá da escena do desexo: “*Só tens vinte e quatro anos/ e ja viste, tocaste, chupaste/ mais falos/ dos que eu (...)* Que é o que andarás a fazer aos quarenta?”. En efecto, o imaxinario erótico masculino non recoñece ás mulleres maduras. Talvez porque o home non asume a propia decadencia? Como en *Refuxio*, Verónica apunta ao centro das tebras. Sae da zona de confort do hermetismo, porque sabe que existe unha política da interpretación e desexa ser comprendida. Así quedou claro en *Refuxio*: *Fracaso/ de novo/ neste intento/dañino/de ser/(...) feliz/ Pero agora/ xa non fracaso soa/ Fracasades/todos/comigo.* Referíase talvez a iso de deixarmos todo como está? Posiblemente.